# UD 1.1. O PLANETA TERRA
# ACTIVIDADES

**Recorda: Debes copiar os enunciados para ter sempre presente a que estás contestando, e as respostas deben estar completas e ben redactadas.**

1. Cales son as diferenzas entre un **planeta** e un **satélite**? Pon un exemplo de cada un.
2. Que **forma** ten a Terra? Que é o **eixe**? En que **posición** está o eixe?
3. Debuxa no teu caderno o compás e sinala os **puntos cardinais**.



4. Que é o movemento de **rotación**? Canto tarda en completarse? Que consecuencias ten?
5. Que é o movemento de **traslación**? Canto tarda en completarse? Que consecuencias ten?
6. Relaciona:

| | |
|---|---|
| Primavera | |
| Verano | Solsticios |
| Outono | Equinoccios |
| Inverno | |

7. Resposta: a) No solsticio de verán cal é o hemisferio máis iluminado? …………………………
   b) No equinoccio de primavera cal é o hemisferio menos iluminado? …………………
   c) No solsticio de inverno cal é o hemisferio menos iluminado? ……………………….
   d) No solsticio de inverno cal é o hemisferio máis iluminado? ……………………….
   e) No solsticio de inverno que polo está menos iluminado? ……………………………
8. Define **paralelo** (Que é, para que serve, cal é o principal).
9. Define **meridiano** (Que é, para que serve, cal é o principal).
10. Define **latitude** (Que é; como se mide; cal é a liña de referencia para medila).
11. Define **lonxitude** (Que é; como se mide; cal é a liña de referencia para medila).

12. Cales son as **coordenadas xeográficas** dos puntos marcados no mapa?




13. Traballamos cos **fusos horarios** e buscamos os países que non coñezamos no mapa:

a) A selección española xoga un partido en Qatar ás 20:00. A que hora o veremos en España?

b) Teño unha reunión por vídeo conferencia con Xapón ás 12:00 en España. A que hora se conectan os xaponeses?

c) Se temos que chamar por teléfono a Uruguay ás 9:00 de alá, a qué hora chamamos desde España?

d) Quero ver un partido de baloncesto que empeza en Nova York ás 17:00. Que hora é en España?



14. Que é a **escala**? Que tipos hai?
15. Que distancia en km hai entre dúas cidades que están separadas por 40 cm nun mapa a escala 1:500000?
16. A cantos km corresponden 15 cm nun mapa a escala 1:50.000?
17. Nun mapa dous pobos están separados por 25 cm, cal sería a distancia real entre os dous se a escala é 1:50.000?
18. Que é a **cartografía**?
19. Para que serven as **proxeccións cartográficas**? Identifica as seguintes:



| 1. | 2. | 3. |
|---|---|---|

20. Que **tipo de mapa** é cada un dos seguintes?








| 1. | 2. | 3. |
|---|---|---|

# UD 1.2. A SUPERFICIE TERRESTRE E A HIDROSFERA ACTIVIDADES

1. Menciona as **capas da Terra** e explica as características de cada unha.
2. Identifica os continentes e océanos seguindo os números marcados no mapa:




3. Define: **ALTITUDE** – **MAPA TOPOGRÁFICO** – **CURVAS DE NIVEL**
4. Completa os ocos:
   a) Un terreo plano situado a certa altitude é unha ………………………….
   b) Un ……………. é unha zona entre dúas montañas por onde discorre un río.
   c) Unha península pode estar unida á terra por un …………………………..
   d) Un ……………………………. é unha porción de terra que entra no mar.
   e) Un …………………………… é unha entrada do mar na terra.
   f) Se estamos nunha porción de terra rodeada de auga estamos nunha ……………………
   g) Cando un val fluvial queda asolagado polo mar fórmase unha ……………………….
   h) A parte do mar máis próxima á costa é a ……………………………………………
   i) As cordilleiras que están debaixo do océano é a ………………………………….
5. Que son as **placas tectónicas**?
6. Que di a teoría de **Wegener**?
7. Cal é a diferenza entre os **pregamentos** e as **fallas**?
8. Explica que son os **terremotos** utilizando as palabras: hipocentro, epicentro e sismógrafo.
9. Explica que é un **volcán** utilizando as palabras: magma, cono volcánico, cráter, lava.
10. Redacta un texto explicando o **ciclo da auga**.
11. Cales son as **fases** da **erosión**? Explica cada unha. Cales son as súas **causas**?
12. Completa:

A zona por onde discorre un río é a ……………………………….. Un ………………………. desemboca noutro río e os ríos principais desembocan no ……………………. As desembocaduras poden ser en ……………………………. ou ………………………… A parte do río onde se forman meandros é o ……………………………………………. e o nacemento está no ………………………………………

13. Cales son as **partes dun río**? Explica cada unha delas cunha redacción onde estarán as palabras: nacemento – fervenzas – meandros – embalses – estuario – delta – sedimentos – nacemento – desembocadura – rápido – lento.

14. Que son os **acuíferos**? Como se forman? Como saen á superficie de xeito natural? Como accedemos a eles de xeito artificial?

15. Que diferenza hai entre un **glaciar** e un **iceberg**?

16. Define: **correntes** – **ondas** – **mareas**.

# UD 2.1. ELEMENTOS E FACTORES DO CLIMA ACTIVIDADES

1. Que é a atmofera? Por que dicimos que regula as temperaturas?
2. Define: **TEMPO** e **CLIMA**.
3. Cales son os **elementos** do clima?
4. Cales son os **factores** do clima?
5. A presión atmosférica é ……………………………………………………………., mídese co ……………………………… en …………………………………… As áreas de altas presións chámanse ………………………………… e as de baixas presións son as …………………………………. Nos mapas do tempo podemos ver as zonas de altas e baixas presións marcadas coas …………………………………….
6. A ……………………………………… é a cantidade de calor na atmosfera, mídese co ………………………………. en ……………………………………
7. Cales son os factores dos que depende a temperatura? Explica cada un.
8. As ……………………………………… poden caer en forma de chuvia, neve ou saraiba. Mídense co ………………………………… en ……………………………. E a humidade é a cantidade de ……………………………………. no aire. A humidade mídese co ………………………………… en ……………….
9. As chuvias que se orixinan cando as nubes chocan cunha montaña e ascenden por ela son as ………………………………… As ……………………………… son as que se producen cando masas de aire quente chocan con outras de aire fría. E as ………………………………. teñen que ver co ascenso rápido do aire polo quentamento do chan.
10. A velocidade do vento mídese co ………………………………. e a dirección co ……………………………….

# 2.2. CLIMAS DA TERRA. PAISAXES E MEDIOS NATURAIS ACTIVIDADES

1. Define **paisaxe** e **medio natural**. Cal é a diferenza entre eles?
2. Relaciona os tipos de paisaxe coas zonas climáticas que correspondan:

| | |
|---|---|
| Tundra | |
| Selva | |
| Taiga | Zona cálida |
| Sabana | Zona temperada |
| Landas | Zona fría |
| Deserto | |
| Maquia | |

3. Completa os cadros coa máxima información posible:

| **CÁLIDOS** | **Ecuatorial** | **Tropical** | **Desértico** |
|---|---|---|---|
| Temperaturas | | | |
| Precipitacións | | | |
| Paisaxe | | | |
| Lugares do mundo | | | |

| **TEMPERADOS** | **Oceánico** | **Mediterráneo** | **Continental** |
|---|---|---|---|
| Temperaturas | | | |
| Precipitacións | | | |
| Paisaxe | | | |
| Lugares do mundo | | | |

| **FRÍOS** | **Alta montaña** | **Polar** |
|---|---|---|
| Temperaturas | | |
| Precipitacións | | |
| Paisaxe | | |
| Lugares do mundo | | |